# NOITE E DÍA

VII CONCURSO DE CUENTOS REPSOL S. A.

PRIMER PREMIO EN LENGUA GALLEGA

Autora: **Begoña María Diz Enríquez**

ANO 1994

¡Que monótonos eran os amenceres dos meus días ante de que chegaras tí; espertar duns escuros soños para albiscar trala fiestra do meu cuarto unhas mañás aínda máis escuras, dar uns «bos días» indixeribles e espreguizarme coa auga que me fai aterecer. Pero o máis insoportable viña despois, a escola era o que me arrepiaba o corpo e me desacougaba.

Pero aquela mañá de 17 de Novembro non che me pareceu tan escura coma as outras; prestoume desexa-los bos días á familia, e, mesmo o vieiro que levaba á escola da vila parecíame máis brillante, asemellábase á campiña agarimosa que recobre o val na primaveira. Pero o que máis me apoucaba era a sensación de novidade e cambio que se abalanzaba sobre a miña vida. Todo era diferente, gratificante e ledo... máis, non todos pensaban así, pois as ducias de carautas conglomeradas que asexaban e murmuraban irasciblemente á porta do colexio déronme entender que non estaban conformes con algo.

Sen matinar máis e disposta a saír de dúbidas por min mesma, crucei o patio da escola ateigado de pais disconformes que nin fitaron cara min. Tamén os rapaces e rapazas da escola asexaban nos pasillos das aulas algo que eu descoñecía.

Axiña saín de dúbidas, bastou con traspaso-lo lintel da porta 8.º A e botar unha ollada de recuncho a recuncho para que a túa presencia me dese a resposta á miña intriga; xa dende a primeira ollada que pousei sobre a túa

figuriña de cinza, silandeiramente sentado no último pupitre da clase, me deu a entender que eras especial; que eras a viveza e encanto que lle faltaba á miña vida; que poderíamos aprender xuntos moitas cousas e querer outras tantas. E foi así, ¿non é verdade?

–Este é Alahad... presentoute con interés a mestra.

–...Alahad –continuou dicindo– ven de Alxeria e, como é novo entre nós debémolo tratar moi ben.

–¡Benvido, rapaz! –soltou o Miguel con certa ironía.

A resposta do estrondo que se armou foi contundente. Eu calei e no meu maxín escomezaron a voar verbas desordenada.... Alahad, Alxeria, benvido, novo, Alxeria, Alahad, Alahad....

«Alahad»; xa o teu nome me soaba a música de cunchas e pandeiros, música agarimada polo sol, escura e relucente coma a túa pel. ¡Que de vagar me pasou o tempo nas clases aquela mañá! Eu, coa mirada perdida quen sabe onde e o pensamento posto en tí, no teu nome, no teu país, na tua pel e nos teus ollos.

Remataron as clases, e cando por fin che falei sentín medo de que fuxiras de min, mais tí sorriches coma un anxo amosando eses dentiños de ceo que tes.

¡Que doado era falar contigo, que ben me soubeches escoitar e dicirme co pouco español que sabías que estabas encantado de terme coñecido!

Endexamáis esquencerei a aperta de mans que nos demos, nin a luz que proviña dos teus ollos e se perdía

nalgún lugar do meu pensamento. No que restou de semana xogamos xuntos no recreo, amoseiche a vila e os arredores e tamén un pouco máis de español; tí sempre sorrindo amosábasme a túa gratitude: e eu orgullosa do que facía desexaba cada noite que pronto chegase a mañá para dicir bos días –que de certo o eran– e percorre-lo camiño que levaba á escola que me levaba a tí.

Era ben doado falar cando sabías que alguén te estaba escoitando; tamén me invadiu a ternura cando te abriches a mín, faláchesme: da morte de túa nai, da emigración, dos irmáns que deixaches en Alxeria, da dureza do traballo errante do teu pai, e, sobre todo, da incomprensión das xentes coas que te tiveras atopado no teu xa ben longo vagar por esas tortas terras do mundo. Ben vín como se che enchían os ollos de bágoas ó describi-lo lamentable trato que tiverades recibido tí e máis teu pai noutros países, e tí meu coitado, que nada parecías entender da situación entre homes desta terra, que poñen as impresións por diante dos sentimentos, que se fixan máis na negra cor da túa pel que no branco desbordante do teu corazón. Se algo hai na miña baleira vida que non cambiaría, é a túa presencia que me fixo sentir por –desgraciadamente– pouco tempo, feliz.

–¿Recorda-las excursións que proxectábamos ó campo? Nelas ensináchesme unha morea de cousas que ata entón me pasaran desapercibidas.

–¿Por qué os paxaros farán os seus niños nas árbores? pregunteiche mentras mirabamos un niño de paporrubios nas pólas baixas do carballo.

–Se os paxaros naceran no chan, ó medraren non saberían voar porque non o precisarían para cazar vermes; se non voaran, ó mirarmos cara ó ceo non veriamos paxaros, se non miramos ós paxaros no ceo, a nosa vida non tería unha perspectiva máis ala do que vemos xusto diante de nós; ademáis, compararse cos paxaros fai que o home sinta cobiza e desexe ser coma eles.

–Está ben –pareceme a min– que o home se compare cun paxaro ou cunha bolboreta...

–Si, o malo é cando o home se compara con outro home e quere ser máis ca éste ou fai que o outro sexa menos ca el.

–¡Canto me ensinaches, meu amigo!, ¡que ben me fixeches entende-la situación do mundo e tódolos problemas que o arrodean! ¡Cantas conversas acobillou aquel carballo, baixo o que nós profundamos na nosa amistade!. Pasou, certamente, moi de seguida aquel mes de decembro cos seus días de lecer sempre baixo o carballo e sempre xuntos, xuntos como o día e a noite, porque iso era o que significaba o teu nome, meu Alahad; "noite"; pois si que che ía ben o nome, noite escura coma a túa pel, chéiña de estrelas rideiras coma os dentes branquiños, eras noites, pero non dabas medo, eras escuro pero esparexías tanta luz coma os días máis claros. E sen

embargo eu, tan branquiña coma o leite, cos cabelos douradiños coma as raiolas do sol estival, por iso me chamabas «día» e eu a tí «noite».

¡Que frío pasou o mes de xaneiro! e mais tí nunca te queixabas, mesmo che gustaba moito a choiva ó bater contra as fiestras e esvarar despois polos cristais...

–Soaba á música dos tambores –dicías–, si, música como o teu nome, Alahad.

Despóis de febreiro de xeadas e friaxe, que non che facía moita ilusión (pois non estabas afeito a ver pasa-los días sen que o sol che batera na faciana facendo así brillar aínda máis a túa pel).

Si que era diferente o clima en Alxeria –adoitabas a contar–; ía sempre tanta calor que sempre andábades no campo, xogando medio espidos ou bañándovos no río despois da escola.

Foron moitos os recordos que me transmitiches do teu país, das túas xentes, do teu fogar, e dos teus xogos, ¡tiveches unha vida ben diferente á miña!, eu sempre na mesma casa, xogando sempre ó mesmo, estudiando na mesma escola, vendo sempre as mesmas caras... ¡que monotonía! si, si, é verdade, monotonía ata chegares tí, meu ben.

Volveu amencer outro quince de marzo, e, xa ás portas da primaveira, dixéchesme:

–¡Pasámolo ben xuntos, ¿non sí?

–Pasamos, dende logo, pero ¿a que ven esa pregunta?

–Non, é por se nalgún momento tivera que voltar á Alxeria, ti non te esquencerías de min ¿verdade?

–¡Tes cada parvada, ho!; mira rapaz, nin ti marcharás nunca, nin eu te esquencerei mentres viva.

¡Malpocada de min!, ¡que de seguida falei! e sen saber nada do que ía acontecer. Foi un 20 de marzo; xa dende a mañá tiven a mesma sensación que aquel día de novembro no que chegaches. Pero non era o mesmo e sabíao.

Aconteceu no recreo (despois da clase de xeografía), cando, coma de costume, sentamos na escaleira do patio, á beira da cancha de baloncesto; tatexabas ó falar e xa o comprendín todo, e o que querías saber era por que...

Pero, se estabades ben aquí, a teu pai non lle vai mal no traballo, e tí vas a escola, tes amigos e non lle fas mal a ninguén, logo ¿por qué tes que marchar de aquí?

–Mira «Día», ¿recorda-lo que falamos verbo dos homes e dos paxaros, aquela tardiña na fraga baixo o carballo?

–Recordo, ¿pero que ten que ver iso, «Noite»?

–Desta vez, un paxaro tentou voar un pouquiño máis alto do que acostumaba, e un home que o ollou sentiu medo e cobiza e atoulle as ás para que non voara máis lonxe e conquerise desa maneira o ceo.

–Mais, ¿por que non poden comparti-lo ceo homes e paxaros?

–Porque non poden o día e a noite existir ó mesmo tempo.

–Xa comprendo, Alahad, pero ¿que farei eu cando te vaias?

–Mira os paxaros voando no ceo, mira as estrelas nas noites despexadas, mira a natureza renacendo cada día e acordaraste de min:

«do paxaro da noite que quere a natureza»...
... «da natureza que nace libre na noite coma
un paxaro» ...«da noite que agarima a
natureza mentres un paxaro dorme»...

Na noite que seguiu á túa partida fiquei longo tempo ollando cara ó ceo, ollanda o bategar da choiva, (que soaba a música, tiñas razón), non podía pecha-los ollos pra durmir, aquela foi unha noite baleira, inexistente, quedei case perdida nun baleiro, nin nos soños nin na realidade, lonxe de tí, ¡sen embargo tan preto!...

Volveu a amencer outra mañá, parára de chover e o sol enchía de luz o meu cuarto; tiña que saír, non podía estar máis tempo lonxe do mundo, tiña que ollar os paxaros e a natureza.

Saín a fume de carozo da casa; atravesei a vila e a fraga e cheguei onda o carballo, o noso carballo, e sentei baixo del un anaco e ó mirar ó meu redor ¡que beleza!, a

natureza renacera xusto coma tí dicías: flores, bolboretas, paxaros, aquela era a vida que a túa presencia deixara naquel lugar, por iso estarías sempre xunto miña, abondaba con mirar ós recunchos onde había vida par estar preto de tí.